

OVELLIÑA, DÁME LA

Texto de ISABEL MINHÓS MARTINS

Ilustracións de YARA KONO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

Mención no I PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO - 2008

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia) - 2012

Ovelliña, dáme la (galego)

ISBN 978-84-8464-688-4. Demademora.

Ovejita, dame lana (castelán)

ISBN 978-84-96388-15-4. Obras de autor. Primeros lectores.

Ovelhinha, dá-me lã (portugués)

ISBN 978-989-8205-34-6. Obras de autor. Primeiros leitores.

Little sheep, little sheep (inglés)

ISBN 978-84-8464-754-6. Books for dreaming.

Pecorella dammi lana (italiano)

ISBN 978-88-95933-09-2. Gli albi d'autore. Primi lettori.

–Ovelliña, dáme la.

–Para que queres a miña la?


–Para facer un xerseí

e ficar ben abrigado.

Se tapo ben a barriga

non estarei constipado...

Un texto con rima e ritmo para primeiros lectores, de estrutura dialogada e encadeada, repetitiva e acumulativa. Mentres os protagonistas se interpelan mutuamente, vanse tecendo diversas prendas de abrigo: xerseí, gorro, bufanda... De deseño sinxelo, esquemático e con tons suaves, as ilustracións destacan polo carácter simbólico da febra de la como elemento que fía o relato. Un libro de inverno, para combater a friaxe.



■ **Temática:** o inverno, o frío.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** rima, estrutura dialogada e repetitiva, oralidade; transformación das materias primas en elementos útiles; prendas de vestir; compartir, xenerosidade, amizade; as estacións do ano, o tempo meteorolóxico; da autora de “Grazas” e “P de papá” (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ovelliha-dame-la-g>

Isabel Minhós Martins

(Lisboa, 1974)

Estudou Deseño de Comunicación na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Traballou nunha axencia de comunicación pedagóxica realizando proxectos educativos. É co-fundadora da editorial Planeta Tangerina, onde publicou varios libros como autora. Por “Ovelliña, dáme la” (KALANDRAKA) recibiu unha mención do I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; tamén foi distinguida cos premios Andersen, Deutscher Jugendliteraturpreis, Sociedade Portuguesa de Autores, e seleccionada nos catálogos The White Ravens e do Banco do Libro de Venezuela. Os seus textos publicáronse en Europa, América e Asia.

www.planetatangerina.com

Yara Kono

(São Paulo, 1972)

Licenciada en Farmacia Bioquímica na Universidade de São Paulo. Posteriormente estudou Deseño e Comunicación na Escola Panamericana de Arte, faceta á que se acabou dedicando. No 2000 foi a Xapón cunha bolsa do Centro de Deseño Yamanashi. Reside en Portugal, onde traballa como deseñadora gráfica; dende 2004, en Planeta Tangerina. Ademais da mención no I Premio Internacional Compostela 2008 por “Ovelliña, dáme la” (KALANDRAKA), gañou o Premio Nacional de Ilustración 2010 en Portugal, o Premio Bissaya Barreto 2016, e foi seleccionada no certame Nami Island de Corea e na exposición da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

www.planetatangerina.com

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com